



A falta de precipitacións está a provocar consecuencias nefastas en España que empeora cos incendios forestais, ou as prácticas de agricultura intensiva

WWF/Adena alerta de que España é o país "con máis risco de desertificación de toda Europa" e que ademais sofre "unha enorme perda de solo cada ano"

Menos territorio fértil //

Advertir que a sociedade "non percibe a gravidade da ameaza" de que España perda o 30% do solo fértil

E. P. Madrid

O portavoz do programa de Augas Continentais de WWF/ADENA, Alberto Fernández, alertou onte, Día Mundial de Lucha contra a Desertificación e a Seca, de que España é o país con máis risco de desertificación de toda Europa", xa que sofre "unha enorme perda de solo cada

ano" por problemas de "falta de cuberta". Fernández asegurou que aproximadamente, un trinta por cento da superficie do chan español presenta "situacións de desertificación real" debido a varios factores.

Asegurou que a dificultade para que se desenvolva o chan que implica a falta de choivas, sobre todo na rexión mediterránea, hai que sumarlle os incendios forestais, a sobreexplotación dos acuíferos e as prácticas de agricultura intensiva.

"En moitos solos tamén se está producindo unha sobreexplotación dos acuíferos, sobre todo no sueste peninsular e tamén nalgunhas zonas de Castela-A Mancha", sostivo Fer-

EMIGRANTES || || || Os refuxiados "ecolóxicos"

A ex ministra de Cultura de Mali e ex coordinadora do programa para o Desenvolvemento das Nacións Unidas, Aminata Traoré, censurou onte os esforzos da UE para "cazar" os mozos africanos que emigran a Europa e que, na súa opinión, son os "refuxiados económicos e ecolóxicos" da globalización. Advertiulle a UE que de nada serve devolverlos ós seus países de orixe.

nández, quen precisou que esa falta de auga nos niveis altos dos acuíferos "está afectando á fertilidade do chan e está producindo unha desertificación que xa é irreversible en moitas zonas". Ademais, recoñeceu que este problema orixina outros, xa que a desertificación dificulta "o acceso a auga potable para abastecemento". Así, subliñou que nas zonas onde aumenta a desertificación, "hai menos precipitacións" e a demanda para rega é moi alta.

Pola súa parte, o presidente da Sociedade Europea de Conservación de Solos e director do Centro de Investigacións sobre Desertificación (CIDE), José Luis Rubio, indi-

cou onte que o da desertificación é "quizais" o problema ambiental máis grave que existe en España, un proceso "insidioso e solapado que vai actuando paulatinamente" pero do que a sociedade non percibe "a gravidade da ameaza".

Neste sentido, Rubio sinalou a que a desertificación se visualiza na nosa sociedade "como algo afastado no tempo e no espazo", como "un problema africano ou que non chegará". Este experto reiterou que España é o país máis afectado pola desertificación en Europa, porque é o máis árido, e ten no Sur, Sueste, Leste e parte do Centro as súas zonas máis afectadas. ●

EN PERIGO O mapa indica a distribución de máis de 3.000 especies de plantas e vertebrados e como lles afectará o impacto do quecemento global

Primeiro atlas sobre o cambio climático na biodiversidade

O Museo Nacional de Ciencias Naturais (MNCN) elaborou o primeiro atlas que recolle como afectará o cambio climático á distribución de máis de 3.000 especies de vertebrados e plantas en Europa, explicou o a Fátima Araujo, científico que lidera o programa.

O deseno do atlas é parte do proxecto europeo AARM, un observatorio que analiza os impactos do quecemento global en Europa, en equipo co laboratorio de Biodiversidade e Cambio Global do MNCN utilizando datos sobre a distribución

actual das especies e "proxeccións no futuro" mediante modelos estatísticos que relacionaban esta distribución cos factores climáticos, indicou Araujo.

Segundo o investigador, para cada especie elaboráronse diferentes atlas e función dos escenarios previstos polo terceiro informe do Panel Intergubernamental sobre Cambio Climático da ONU (IPCC).

Anda que as rexións de Europa que máis percibirán os efectos das variacións no clima vanan a función das especies analizadas

existen uns "patróns xeográficos marcados" que apuntan a que a Península Ibérica será das zonas máis afectadas.

En relación coas plantas, as montañas do sur do continente, como os Alpes, Serra Nevada ou os Pireneos, serán os lugares en que a biodiversidade correrá un maior perigo. Araujo precisou que as plantas alpinas eran comúns en todo o continente durante a última glaciación, pero que no período interglacial actual tiveron que refuxarse nas zonas de montaña,

onde o clima era máis frío. Por iso, o aumento das temperaturas provocará que aquelas especies que viven en alturas intermedias suban, mentres que as "realmente alpinas" xa non terán "ningunha posibilidade" de sobrevivir.

Araujo explicou que o atlas, ademais de ter un carácter "divulgativo", servirá para mellorar a planificación da conservación porque ata agora se estableceron os espazos protexidos "imaxinando un mundo estable" e en realidade "nunca o foi".

Por iso é importante incorporar a dinámica da distribución das especies na planificación destes espazos, "para así ser útil este traballo".

O laboratorio de Biodiversidade e Cambio Global expónse colaborar cos Gobernos español e portugués, porque "os problemas do cambio global non teñen fronteiras", malia que aínda non "se concretou ningún proxecto" engadiu Araujo. ● EFE

AMEAZADA

Foi fundada no 77 como vida alternativa

A comuna ecolóxica máis antiga dos Balcáns, en risco

A comuna ecoiolóxica máis antiga dos Balcáns, situada en Serbia central, está ameazada pola construción dunha estrada que favorece "as ganancias e o capital e que o devasta todo", segundo afirma o seu fundador, o escritor e artista Bozidar Mancic. Este centro, no monte Radnik, fundouse no 77 como ensaio da vida alternativa e cunha filosofía de volta á natureza fronte ó home urbano. ● EFE